


Manual de consulta

ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE PARA PERSOAL QUE TRABALLA EN CENTROS PÚBLICOS OU QUE DEPENDEN DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN

Todo o que hai que saber



Para acreditar a nosa Competencia Dixital Docente (CDD) a Consellaría publicou unha **Resolución que ten por obxecto establecer a convocatoria de acreditación da CDD polos diferentes procedementos**.

No presente documento reseñamos as referencias que poden ser útiles para o procedemento de acreditación da CDD.

NORMATIVA


1.- RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Centros e RRHH, pola que se convocan diferentes procedementos para a obtención da acreditación da competencia dixital docente para o persoal docente non universitario dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galiza.

2.- ANEXO coa asignación de nivel CDD a roles e postos docentes polo procedemento de acreditación de oficio

3.- Orde do 1 de xuño de 2023 pola que se regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galiza.

4.- Marco de referencia de competencia dixital docente. Este documento pode ser útil para ver exemplos de evidencias relacionadas cos indicadores.

Pódese consultar toda a normativa sobre Competencias Dixitais Docentes aquí:



Até este momento non era preciso acreditar para ningún procedemento a nosa competencia dixital. Mais, agora, terase en conta **nos seguintes procedementos**:

- A partir da sinatura do Acordo entre a Consellaría cunha minoría sindical (CCOO, UGT e ANPE) **será obrigatorio ter acreditado o nivel B1**, en todas as áreas e con todas as horas, **para o perfeccionamento do seguinte sexenio a partir de outubro de 2028**.

- **No CXT** dentro dos 15 puntos do “**Apartado 5. Formación e perfeccionamento**” resérvase para “**certificados de acreditación da competencia dixital 3 puntos**”, segundo consta no **RD 677/2024 polo que se modifica o RD que regula o Concurso de Traslados**. A correspondencia entre os distintos niveis e puntuación terá que regularse na Orde da convocatoria do CXT.

Como podemos obter os diferentes niveis da competencia dixital?

- Con titulacións oficiais.
- Con certificación da formación.
- A través da observación do desempeño ou análise e validación de evidencias.
- Coa superación dunha proba específica.



ESTRUTURA DA COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE: OS NIVEIS, AS ÁREAS E OS INDICADORES

OS NIVEIS

Unha ollada rápida sobre os diferentes niveis da CDD e como podemos acreditarlos.

Nivel A1

- **Certificación da formación:** unha ou varias actividades formativas, **40 horas**.
- **Superación dunha proba específica.**
- **Títulos oficiais que habiliten para a profesión docente.**

Nivel A2

- **Certificación da formación:** unha ou varias actividades formativas, **50 horas**.
- **Superación dunha proba específica de acreditación.**
- **Títulos oficiais que habiliten para a profesión docente.**

Nivel B1

- **Certificación da formación:** unha ou varias actividades formativas, **70 horas**.
- **Superación de proba específica de acreditación.**
- **Avaliación a través da observación do desempeño.**

Nivel B2

- **Certificación da formación:** unha ou varias actividades formativas, **80 horas**.
- **Superación de proba específica de acreditación.**
- **Avaliación a través da observación do desempeño.**

Nivel C1

- **Avaliación a través da observación do desempeño**
- **Acreditación por un proceso de análise e validación das evidencias compatíbeis cos indicadores do nivel C1 do MRCDD vixente.**

Nivel C2

- **Avaliación a través da observación do desempeño.**
- **Acreditación por un proceso de análise e validación das evidencias compatíbeis cos indicadores do nivel C2 do MRCDD vixente.**

AS ÁREAS

Cada nivel está estruturado en seis áreas que responden ás categorías nas que se organizan as competencias dixitais:

Área 1

- **Compromiso profesional.**

Área 2

- **Contidos dixitais.**

Área 3

- **Ensino e aprendizaxe.**

Área 4

- **Avaliación e realimentación**

Área 5

- **Apoderamento do alumnado**

Área 6

- **Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado**

Que implican as distintas áreas de cada un dos niveis de acreditación da CDD?

Ademais das horas mínimas de cada nivel, as formacións que acreditemos deben recoller algunha hora para cada unha delas.

No caso da acreditación a través das evidencias do C1 e C2, estas deben verificar todas as áreas e, polo menos, o 80% dos indicadores deste nivel.

OS INDICADORES DE LOGRO

Son os enunciados que identifican unha conduta que expresa o nivel de aptitude alcanzado nunha competencia. Estes representan os coñecementos, destrezas e actitudes que, de forma integrada, permiten describir de forma observábel os desempeños característicos para un nivel e competencia.

Podemos consultar os indicadores de logro das distintas competencias no documento do Marco de referencia de competencia dixital docente (publicación no BOE ou no relatorio do MEFPD).

Onde podemos consultar o nivel que a Consellería nos recoñeceu no perfil da competencia dixital?

Podemos consultalo en **Fprofe** (edu.xunta.gal/fprofe) entrando co noso usuario e contrasinal. No caso de non ter recoñecido o nivel completo por formacións podemos ver as horas que nos faltan ou as áreas que non temos certificadas.

Que significa cada unha das indicacións que aparece no noso panel da CDD? Estrutura da pantalla.

Esta imaxe pode servir de exemplo de como está estruturado o espazo onde podemos consultar o nivel de competencia dixital que temos recoñecido: competencia.

Acreditacións										
Nivel	1. Compromiso profesional	2. Contidos dixitais	3. Ensino e aprendizaxe	4. Avaliación e retroalimentación	5. Empoderamento do alumnado	6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	Horas realizadas/ Horas mínimas	Estado	Modalidades	Accións
A1	✓	✓	✓	✓	✓	✓	50 - 40	Acreditada	Certificación da formación / Proba / Título	
A2	✓	✓	✓	✓	✓	✓	70 - 50	Acreditada	Certificación da formación / Proba / Título	
B1	✓	✓	✓	✓	✓	✓	70 - 70	Acreditada	Certificación da formación / Observación do desempeño / Proba	
B2	✗	✓	✗	✓	✓	✓	30 - 80	Parcialmente	Certificación da formación / Observación do desempeño / Proba	Buscar formación
C1	✗	✗	✗	✗	✗	✗			Análise e validación de evidencias / Observación do desempeño	
C2	✗	✗	✗	✗	✗	✗			Análise e validación de evidencias / Observación do desempeño	

A persoa que teña un cadro coma este na pestana de “Acreditacións” de FPROFE, ten acreditado e certificado o nivel B1 (como se ve na imaxe pode descargar o pdf). Pola contra, non ten acreditado nin certificado o nivel B2 porque lle faltan áreas por acadar (marcadas con cruz vermella) e tamén lle faltan horas (porque ten 20 das 80 mínimas esixidas). Aínda que tivera todas as áreas en verde se lle faltasen horas non certificaría o nivel e tampouco se tivese todas as horas e non todas as áreas marcadas en verde.

Estamos diante dunha táboa de dobre entrada onde aparecen: **os diferentes niveis (filas) e a información relativa a cada nivel** (áreas, horas, estado e modalidades).

- Primeira columna **"Nivel"**: os diferentes niveis da CDD que podemos acreditar.
- Da segunda á sétima columna: as diferentes **áreas** das que se compón cada nivel da CDD.
- Oitava columna **"Horas realizadas / Horas mínimas"**: indica o número de horas que temos realizadas en cada nivel e as horas mínimas que debemos acreditar.

A acreditación dos niveis ten **carácter progresivo e acumulativo**, de xeito que os cursos que acrediten unha área dun nivel superior incorpóranse á formación do nivel inferior da área correspondente, polo que estas quedan superadas: **se temos un B2, por exemplo, tamén temos un B1 (aínda que non realizamos todas as horas de formación deste nivel inferior).**

- Novena columna **"Estado"**: o estado en que se atopa cada nivel (superada, parcialmente ou en branco):
 - **Superada**: temos cursadas as horas mínimas do nivel (40 no A1; 50 no A2; 70 no B1; e 80 no B2).

O nivel C1 e C2 non o podemos acreditar con horas de formación en todas as áreas.

- **Parcialmente:** neste caso poden darse varias casuísticas: que non teñamos o número de horas mínimas e/ou nos falte formación nalguna das áreas; que non teñamos o número de horas mínimo mais si todas as áreas co “tic” en verde; que teñamos e/ou superemos o número de horas mínimas mais que nos falte algunha das áreas.

- **Todas as áreas en vermello:** non temos ningunha formación feita que acredite este nivel.

- Décima columna **“Modalidades”**: indica os xeitos en que podemos acreditar a CD en cada nivel.

- **Certificación da formación:** até o nivel B2

- **Proba:** neste momento a Consellaría non realizou ningunha proba.

- **Avaliación e observación do desempeño:** achegando evidencias a través dos procedementos que establece a Consellería.

Neste momento, o prazo para matricularse remata o 30 de setembro!!!

Segundo se indica na Resolución do 5 de xullo a solicitude presentase a través de Fprofe e habilitase unha aula virtual para entregar: *“evidencias e a documentación xustificativa que acredite a autoría das evidencias entregadas. A persoa solicitante deberá indicar en todas as evidencias presentadas a que área ou áreas do MRCDD se axustan, especificando os indicadores de logro do nivel que pretende acreditar”*.

No caso de estar en servizo activo en centros non dependentes da Consellaría de Educación a solicitude presentase a través da sede electrónica da Xunta.

De contar co mínimo de horas realizadas nun nivel e ter todas as áreas cubertas, a Consellería emite un certificado que podemos atopar en pdf a carón da última columna.



1.- RECOÑECIMIENTO DE OFICIO

Será recoñecida de oficio **a formación**. Aqueles cursos que teñen recoñecida a homologación por parte da Consellaría incorpóranse ao noso perfil das acreditacións ao rematalos e queda rexistrada e validada a actividade no Rexistro da Formación Permanente do Profesorado da Xunta de Galiza.

Tamén serán recoñecidos de oficio **cun dos niveis das etapas B e C todos aqueles roles que aparecen recoñecidos no Anexo I da Resolución do 5 de xullo de 2024 pola que se convocan os diferentes procedementos para a obtención da CDD**.

1.1. ACREDITACIÓN A TRAVÉS DE TÍTULOS OFICIAIS

Como se acredita a CDD polo recoñecemento de títulos oficiais que habiliten para a profesión docente?

Para a acreditación polo procedemento de recoñecemento de títulos oficiais que habiliten para a profesión docente, deberemos facer a solicitude **inscribíndonos na actividade “Acreditación CDD” en Fprofe**. Para buscar o procedemento habilitado en Fprofe: Referencia: X2441001. Título: Acreditación CDD.

Segundo a *Resolución do 5 de xullo de 2024* presentase a **certificación académica da titulación acompañada dun documento, emitido pola universidade e asinado pola persoa reitora, vicerreitora ou secretaria da institución que reflicta o nivel de CDD acadado coa dita titulación**, especificando os indicadores de logro da CDD asociados ás **áreas A1 e A2** do MRCDD.

O prazo para inscribirse remata o 30 de setembro!!!

Malia a convocatoria aberta pola Consellaría, esta vén de publicar nos últimos días de setembro que o procedemento de acreditación a través de titulacións de acceso está pendente de regular por outros organismos, citando a Ministerio e Universidades *“que serán quen determinen os indicadores”*.

Ao igual que para o recoñecemento a través de evidencias de desempeño quen estea traballando en centros non dependentes da Consellaría fará esta solicitude a través da sede electrónica da Xunta.

1.2 ACREDITACIÓN A TRAVÉS DE FORMACIÓN

Que formacións ten recoñecidas de oficio a Consellería?

- As formacións que realizamos sobre CDD no curso 2023-2024 até o curso 2022-2023 ou cursos de didáctica onde aparecían recoñecidas algunhas áreas da CD. A actualización da acreditación a través de formacións será automática, segundo esta se incorpore ao rexistro de Formación do Profesorado.

-As formacións que realizamos desde o 2018 até o curso 2023-2024 en diante e teñen algunha relación coa CDD.

Desde a CIG-EnsinO e a AS-PG no curso 2023/2024 ofertamos varias formacións coas que podemos obter a acreditación do nivel B2. Tamén foron recoñecidos diferentes niveis a moitas actividades das que realizamos desde o 2018 até o 2022/2023.

Se temos a acreditación dun nivel que foi recoñecido fóra de Galiza, noutra administración educativa do Estado, incluído formación do MEFPD, como podemos acreditalo?

Debemos achegala no momento en que a Consellería abra o **procedemento para actualizar os datos persoais ou á hora de participar no CXT**. Neste caso a Consellería **só recoñece a certificación de niveis completos**, non vai recoñecer áreas.

1.3 ROLES E POSTOS DOCENTES RECOÑECIDOS

Desde a CIG-EnsinO fixemos chegar á Administración, na reunión informativa á que nos convocaron logo de publicar a resolución, o noso malestar por **non pasar este documento por unha mesa sectorial e non abrirse un período de consulta co profesorado**. É así que **botamos en falta o recoñecemento doutras especialidades e roles** con respecto ás que propón a Administración, pero non puidemos reclamarlas con antelación á publicación da resolución de xullo por non recibir convocatoria como representantes sindicais. Tamén consideramos que **se debe recoñecer de oficio a impartición das especialidades do anexo I** (ou doutras que se incrementen), **aínda que fosen impartidas como afíns** por parte de docentes doutras especialidades. Por outro lado, fixemos constar que se debería **facilitar o trámite para o recoñecemento de “títulos oficiais que habiliten para a profesión docente”** xa que, tal como aparece na resolución, **é obrigatorio solicitar á persoa reitora, vicerreitora ou secretaria da**

institución a acreditación do nivel acadado coa titulación, o que complica e ralentiza a súa consecución.

Cales son os roles recoñecidos de oficio e que nivel teñen asignado?

Os roles que aparecen publicados no **Anexo I da Resolución do 5 de xullo** co nivel recoñecido e súa posterior corrección de erros, de producirse. Nalgún dos documentos publicados no apartado que fai referencia ao *“Persoal dos corpos de catedráticos/as, de profesorado de ensino secundario e de persoal técnico de formación profesional que exercera a docencia, polo menos, 2 anos, nas seguintes especialidades:”* advertimos un erro xa que **non aparece a especialidade de Tecnoloxía que si aparece no resto de documentos oficiais publicados**. Desde a CIG-EnsinO consultamos á Administración quen **nos confirmou que se trata dun erro** e que se incluírá esta especialidade. Tamén podemos consultar a información sobre os roles recoñecidos de oficio na seguinte publicación do portal educativo da Consellaría:



Cando podemos ver os roles recoñecidos de oficio e o nivel asignado?

Poderase ver antes do día 27 de setembro no rexistro de “Acreditación da CDD” en Fprofe. A partir do 27 de setembro, as persoas que desempeñaran algún rol ou posto docente recollido no anexo I da Resolución do 5 de xullo que non vexan reflectido no Rexistro de Acreditación da CDD o seu nivel poden dirixirse ao correo: **acreditacionCDD@edu.xuntalgal** xustificando o desempeño do rol ou posto docente. Aínda así, durante o proceso de actualización dos datos de recoñecemento de competencias por roles e postos docentes poden producirse problemas na visualización da información.

Se neste momento unha especialidade non aparece recoñecida no “Anexo I”, que podemos facer?

Enviar unha solicitude xenérica á DX de Centros e RRHH explicando que esa especialidade non aparece recollida no “Anexo I da Resolución do 5 de xullo de 2024 malia ter vinculación coas áreas, etapas, niveis de progresión e indicadores de logro do MRCDD”.

2.- ACREDITACIÓN A TRAVÉS DE EVIDENCIAS

Para a acreditación da CDD polo procedemento de análise e validación de evidencias entregaranse as evidencias e a documentación xustificativa que acredite a autoría destas. A persoa solicitante deberá indicar en todas as evidencias presentadas a que área ou áreas do MRCDD se axustan, especificando os indicadores de logro do nivel que pretende acreditar. Para isto, debemos verificar que se cubran todas as áreas e, polo menos, o 80% dos indicadores deste nivel.

Cales son as evidencias?

Aquelas que aparecen recollidas na **Resolución do 5 de xullo de 2024**.

Para o C1:

- Os premios nominais outorgados polas administracións educativas.
- As publicacións con NIPO e/ou ISBN, ISSN, DOI ou URL.
- A participación en proxectos colectivos de investigación e de innovación.
- A documentación xustificativa para os postos e roles recoñecidos de oficio pola Administración, e que esta non puidese realizar por carecer da documentación precisa.
- Calquera outra evidencia que acredite o nivel C1.

Para o C2:

- Os premios nominais outorgados polas administracións educativas.
- As publicacións con NIPO e/ou ISBN, ISSN, DOI ou URL.
- A participación como relator/a en congresos de ámbito galego, estatal e internacional.
- A coordinación e autoría de proxectos de investigación e de innovación educativa.
- Os recoñecementos por parte das administracións educativas de implementar melloras significativas no ámbito educativo.
- Currículo para avaliar a traxectoria profesional.
- Calquera outra evidencia que acredite o nivel C2.

Segundo a Resolución do 25 de xullo de 2024, cando remata o prazo de presentación de solicitudes?

O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de setembro.

Se o 27 de setembro non aparecen recoñecidas aquelas evidencias coas que pensamos que podemos adquirir o nivel C1 ou C2 podemos inscribirmos no procedemento habilitado en Fprofe: Referencia: X2441001. Título: Acreditación CDD.

Para inscribirse neste procedemento debemos matricularnos antes do 30 de setembro.

Como podemos subir as evidencias para a súa análise e validación?

Para facelo debemos inscribirmos en Fprofe. Despois de rematar o recoñecemento de oficio, a Consellaría abrirá a “aula virtual” para que a través dun sistema de automapeo as persoas poidamos subir as nosas evidencias.

A posteriori, a equipa técnica fará un estudo do que se presenta. De correspondérense as evidencias cos indicadores, validarán a nosa acreditación.

No caso da acreditación a través das evidencias do C1 e C2, estas deben verificar todas as áreas e, polo menos, o 80% dos indicadores deste nivel. No caso de non obter o total de porcentaxe/indicadores a Administración pode recoñecer algunhas áreas dos niveis C1 e C2 e non os niveis completos.

A CIG-ENSINO ADVIRTE DE QUE A IMPROVISACIÓN DA CONSELLARÍA PODE IMPLICAR PROBLEMAS DE CARA AO CXT 2024/25

O sindicato maioritario, que foi moi crítico con todo este procedemento de acreditación de CDD desde o comezo, alerta de que se non se aclara na norma procedemental que niveis computarán para o Concurso Xeral de Traslados e se a Consellaría non resolve ou non lle dá as mesmas oportunidades a todo o profesorado para acreditar as titulacións oficiais de acceso á función docente ou as evidencias de desempeño antes da apertura do prazo de solicitudes deste, poden producirse agravios comparativos entre o profesorado. En sucesivas reunións mantidas coa Consellaría insistíuselles en que se estaba a actuar improvisadamente e que o profesorado non pode verse afectado por esta actitude errática e mesmo contraditoria. A día de hoxe está publicado un documento de aclaracións que mesmo contradi a propia Resolución de xullo, polo que se entende que de cara ao CXT deste curso non pode haber persoas prexudicadas pola mala planificación da administración.

2024-25 CURSOS FORMACIÓN



Cursos presenciais

	DATA	LUGAR	HORAS
Paseos pedagógicos de Vigo 2024. Orixes V. Arredor das Rías Baixas	Sábados 7, 14, 21 e mércores 11 e 25 de setembro	Vigo	32 h
XXXVI Semana da Educación de Pontevedra	Do 18 ao 21 de setembro	Pontevedra	20 h
IV Xornadas de Historia de Galiza. A nosa Historia facémola nós. Paseos histórico-pedagógicos	16 de novembro	Santiago de Compostela	8 h
IV Xornadas de Normalización Lingüística	25 de xaneiro	Santiago de Compostela	8 h
XXI Xornadas das Mulleres	15 de marzo	Santiago de Compostela	8 h
XXXIV Xornadas de Lingua e Literatura	26 de abril	Santiago de Compostela	8 h
XXV Xornadas de Educación Infantil	26 de abril	Santiago de Compostela	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	21 de setembro	A Coruña	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	21 de setembro	Lugo	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Santiago de Compostela	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Pontevedra	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Ourense	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Ferrol	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	5 de outubro	Vigo	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	5 de outubro	A Mariña	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	19 de outubro	O Morrazo	8 h



Pílulas formativas (NOOC)

1º TRIMESTRE:	Novidades lexislativas para FP.
2º TRIMESTRE:	Un modelo competencial de ensino.
3º TRIMESTRE:	Acceso á docencia para Infantil e Primaria.
	Acceso á docencia para Secundaria e FP.

LIGAZÓNS PARA MATRICULARSE:

www.as-pg-gal



www.cig-ensino.gal



- Todos os cursos teñen solicitada a homologación da Consellería de Educación agás as pílulas formativas ou NOOC.
- **Aclaración sobre Competencia Dixital Docente:** segundo a Orde de formación, os cursos a distancia non poden simultanearse, excepto os cursos a distancia sobre CDD dos que se poden realizar 2 a un tempo. Se realizas 3 cursos desta programación “para certificar a competencia dixital”, combinando todas as áreas (A 1, A 2, A 3, A 4, A 5 e A 6), obterás a acreditación dixital docente no nivel B2.
- **Axudas económicas para formación:** segundo o establecido na Orde de reintegros individuais, da que a convocatoria de 2024 se publicará previsiblemente en outubro, pódense recibir axudas económicas para matrícula e desprazamentos. Se se quixesen solicitar, haberá que gardar os xustificantes de pagamento dos dous conceptos.



Cursos a distancia

1º TRIMESTRE

1ª QUENDA DO 25 DE SETEMBRO AO 18 DE OUTUBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 E A 5. Configuración de tecnoloxías de audio para traballar os podcast e a educación da voz.
- O audiovisual no ensino.
- Os centros de titularidade do Estado no marco da acción educativa española no exterior.

2ª QUENDA DO 22 DE OUTUBRO AO 15 DE NOVEMBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 3 e A 6. Deseño gráfico de materiais vectoriais para Polos Creativos e aplicación nas aulas.
- Programacións didácticas para secundaria.
- Deseño de situacións de aprendizaxe e secuencias didácticas para as áreas lingüísticas.

3ª QUENDA DO 20 DE NOVEMBRO AO 17 DE DECEMBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 1 e A 4. Análise e elaboración de tecnoloxía dixital da Administración Educativa para avaliación formativa.
- A arte como recurso para promover a coeducación nas aulas.
- Educación para o cambio: a integración da Axenda 2030 e os ODS na aula.

2º TRIMESTRE

1ª QUENDA DO 10 AO 31 DE XANEIRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 3 e A 6. Deseño gráfico de materiais vectoriais para Polos Creativos e aplicación nas aulas.
- Conceptos clave para a elaboración dun Plan de Apoio de atención á diversidade e Programas de Intervención para PT e AL.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas en Primaria.
- Deseño de tarefas e probas competenciais para as PAU.

2ª QUENDA DO 4 AO 27 DE FEBREIRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 1 e A 4. Análise e elaboración de tecnoloxía dixital da Administración Educativa para avaliación formativa.
- Música galega: vehículo para o ensino actual en todas as áreas e materias.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas para FP.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas para Infantil.

3ª QUENDA DO 11 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

- Autora ou autor que se homenaxea no Día das Letras Galegas.
- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 E A 5. Configuración de tecnoloxías de audio para traballar os podcast e a educación da voz.
- Portugués inicial para docentes A2.2.

3º TRIMESTRE

1ª QUENDA DO 8 DE ABRIL AO 5 DE MAIO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 1 e A 4. Actividades interactivas e de avaliación con H5P en Moodle e E-Dixgal.
- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 e A 5. Intelixencia artificial para o ensino e atención á diversidade.
- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 3 e A 6. Aula invertida e podcast.
- Orientacións para o módulo de dixitalización aplicada ao sector produtivo.

2ª QUENDA DO 8 DE MAIO AO 2 DE XUÑO

- Implicacións docentes da nova normativa de FP.

Duración dos cursos a distancia: 30 horas